



Esta terciarización da economía municipal orientada ó comercio e ó desenvolvemento turístico fundamentalmente, revélase moi positiva para diversificar os ingresos dependentes da pesca puramente extractiva, e aproveitar os recursos endóxenos que nos brinda o territorio.

Por este motivo, e co obxectivo de promover a creación de empresas no municipio mediante a creación dun espazo físico que acolla a empresas de nova creación e ofrezca ás mesmas, a prezos inferiores ós de mercado, servizos diversos de acompañamento e tutela, xurde este regulamento.

## **CAPÍTULO I** **DISPOSICIÓN XERAIS**

### *ARTIGO 1. OBXECTO*

Este Regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Cangas, así como os dereitos e obrigacións dos seus usuarios ou beneficiarios.

### *ARTIGO 2. DEFINICIÓN DO VIVEIRO DE EMPRESAS*

O viveiro de empresas é unha acción impulsada polo Concello de Cangas co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e proporcionar un espazo de xestión e apoio administrativo as novas empresas.

O Concello de Cangas a través deste viveiro cederá temporalmente o uso dun espazo ás novas empresas beneficiarias e éstas, ademais, poderán gozar dunha serie de servizos básicos e outros opcionais.

### *ARTIGO 3. SERVIZOS QUE SE PRESTARÁN NO VIVEIRO DE EMPRESAS*

#### *Servizos Básicos:*

Estes servizos se prestarán a tódolos adxudicatarios do viveiro de balde, con cargo ó Concello.

- Recepción de correspondencia.
- Información básica de consultas administrativas.
- Apoio, asesoramento e titorías necesarios para a posta en marcha dunha empresa.
- Limpeza e mantemento.
- Iluminación do edificio.
- Mantemento das instalacións e equipos técnicos e de servizos comúns.
- Recollida de lixo.
- Sala de xuntas.

#### *Servizos opcionais, con custo variable:*

Estes servizos serán prestados por persoal do Concello, no lugar determinado por esta entidade,

non existindo de xeito individual para cada local, senón común para todos eles.

Os usuarios destes servizos deberán aboar a contía establecida na ordenanza correspondente.

- Mobiliario distinto ó estándar de cada local.
- Servizo de fax.
- Servizo de reprografía.
- Utilización de equipos informáticos comúns:
  - Ordenadore
  - Impresora láser

### *ARTIGO 4. BENEFICIARIOS*

Pódense beneficiar dos servizos deste viveiro aquelas persoas físicas ou xurídicas cun proxecto empresarial viable ou empresas xa existentes, sempre que a data de alta na Seguridade Social dos seus socios fundadores tivese lugar, como máximo, no prazo que se fixe no prego e no contrato que no seu día se outorgue.

Fundamentalmente, o viveiro está dirixido ás empresas de servizos, capaces de xerar certo valor engadido en áreas tales como consultoría, asesoría, software, desenvolvementos informáticos e técnicos, solucións de enxeñería, etc., sen por iso descartar as empresas comercializadoras dos bens ou servizos que non precisen de espazo físico de almacenamento no viveiro, sexa pola natureza dos bens comercializados, sexa porque poden organizar de maneira satisfactoria o almacenamento destes en instalacións alleas ó espazo do viveiro.

Quedan excluídas do viveiro as empresas que non puideran ser consideradas como pequenas e medianas empresas, segundo os criterios oficiais e legalmente establecidos en cada momento.

## **CAPÍTULO II** **ADXUDICACIÓN**

### *ARTIGO 5. ADXUDICACIÓN*

O Concello de Cangas, cando proceda a adxudicar os servizos obxecto deste viveiro, realizarao a través dunha convocatoria pública que se axustará a lexislación de contratos de administracións públicas e demais normativa de aplicación.

## **CAPÍTULO III** **DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/USUARIOS**

### *ARTIGO 6. DEREITOS*

#### *DOS BENEFICIARIOS/USUARIOS*

A condición de beneficiario/usuario desta acción específica de viveiro comporta como dereito principal a cesión do uso dun determinado espazo por tempo definido e co equipamento que lle é propio.

Ademáis deste dereitos, recoñécesen os seguintes dereitos ós beneficiarios:

1. A utilización do local cedido durante o tempo que se conveña.
2. O uso dos elementos comúns de acordo coas normas establecidas polo Concello de Cangas, e de forma que non impida ós demais emprendedores a utilización segundo o seu dereito.
3. A recibi-los servizos prestados con carácter xeral por parte do Concello de Cangas.
4. A formular reclamacións e queixas polo servizo.
5. A adecuación do módulo, pola súa conta, ás súas necesidades particulares, por medio de aparatos ou instalacións complementarias, previo consentimento do Concello de Cangas.

#### ARTIGO.7. OBRIGAS

##### DOS BENEFICIARIOS/USUARIOS

Os emprendedores estarán suxeitos ó cumprimento das seguintes obrigas:

1. O emprendedor só poderá utilizar os módulos para levar a cabo as funcións concretas nas que consista a actividade empresarial obxecto do programa.
2. O uso do módulo é persoal e intransferible, polo que o emprendedor non poderá arrendar nin ceder o módulo en todo ou en parte e, incluso a título gratuito ou accidental.
3. Aboarlle ó Concello de Cangas as tarifas vigentes en cada momento e previstas no correspondente acordo regulador do prezo público.
4. Constituírse como empresa e cumprir todas as súas obrigacións fiscais, laborais, e lexislación en xeral no momento en que inicien a súa actividade empresarial.
5. O emprendedor observará a dilixencia debida no uso do módulo e dos elementos comúns e nas súas relacións cos demais emprendedores, e estará obrigado no seu caso, á reparación dos desperfectos ocasionados, podendo o Concello de Cangas executar a costa do emprendedor as reparacións necesarias.
6. O emprendedor deberá mante-lo módulo en estado de utilización efectiva, e deberá devolvelo nas mesmas condicións nas que lle foi entregado.
7. Manter de xeito continuado, durante o período de adhesión ó programa, as condicións esixidas para o seu acceso.
8. Proporcionar información ó Concello de Cangas que requira en cada momento necesaria para que fiscalice o correcto cumprimento das obrigacións por parte do adxudicatario así como o correcto funcionamento e mantemento das instalacións.
9. O/s emprendedor/es deberá facer figurar, nas accións publicitarias que leve a cabo, a súa participación no Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas.

10. Aboar tódolos danos e prexuízos que causen nos locais, módulos e materiais municipais que ocupen.

11. Cumpri-lo resto das obrigas establecidas na presente ordenanza, nos pregos que no seu día rexan os contrato e demais obrigacións que estableza o contrato.

#### CAPÍTULO IV DURACIÓN

##### ARTIGO 8. DURACIÓN

A estancia máxima no viveiro será de 1 ano, a contar dende a data de instalación efectiva. Excepcionalmente, dito prazo poderá prorrogarse por outro período de 6 meses.

En todo caso, será no contrato que no seu día se outorgue o que determine se se pode ou non prorrogar a estancia, e os termos concretos en que se poderá producir.

#### CAPÍTULO V RESPONSABILIDADE

##### ARTIGO 9. RESPONSABILIDADE

A adhesión e a tutela non suporá en ningún caso responsabilidade por parte do Concello de Cangas en orden ás actuacións levadas a cabo polos emprendedores no desenvolvemento do seu proxecto ou actividade empresarial.

De conformidade co estipulado nesta ordenanza, o Concello de Cangas non será responsable, nin con carácter principal, nin solidario ou subsidiario, do cumprimento das obrigas tributarias, sociais, salariais ou outras contraídas coas Administracións Públicas, traballadores, provedores, clientes, entidades financeiras ou de afianzamento, ou con calquera outra entidade ou particular.

Asemade faise constar de xeito expreso que os módulos, elementos comúns, instalacións, maquinaria ou outros aparatos postos ó servizo dos emprendedores son propiedade única e exclusivamente do Concello de Cangas, sen que en ningún caso se poidan considerar afectos ás débedas ó cumprimento das obrigas por parte dos emprendedores dos módulos.

#### CAPÍTULO VI MEDIDAS DE SEGURIDADE

##### ARTIGO 10. MEDIDAS DE CONTROL, SEGURIDADE E HIXIENE

Os usuarios/beneficiarios están obrigados a comunicar ó Concello de Cangas a persoa ou persoas que forman parte de cada empresa, quedando limitado o acceso ó persoal autorizado.

Os usuarios deberán absterse de acumular útiles de calquera tipo en zonas comúns.

En materia de ruído, non se tolerará actividades que xeren niveis de ruído medido no exterior do despacho, coa porta pechada, ou nos despachos adxacentes B superiores a 65 dB. No caso de queixas polo ruído xerado pola actividade de algún dos ocupantes do viveiro, se procederá a medición, e no caso de que supere ese límite, a empresa ou empresario terá que modificar a súa actividade para que este cese de modo inmediato.

Do mesmo modo, con suxeición o disposto na regulamentación aplicable en materia de Actividades Molestas, Insalubre, Nocivas e Perigosas, non se tolerarán actividades que impliquen calor, resgos de lume, gases, vibracións non audibles, luces intensas, cheiros, etc.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Cangas, a 16 de febreiro de 2006.—O Alcalde accidental, Carlos Vázquez Marinelli. **2006001844**

#### *Resolución aprobando lista definitiva de arquitecto/a, data de exame e tribunal*

Publicada no B.O. da provincia núm 24, do día 3 de febreiro de 2006, a lista de admitidos/as para proveer unha praza de arquitecto/a deste concello, ó non presentarse reclamacións á esta, de conformidade coas bases da convocatoria resolvese:

1º Elevar a definitiva a lista de admitidos/as para a praza de arquitecto/a publicada no mencionado BOP, e declarar definitivamente excluído a D. Ignacio Diz Gómez.

2º Designa-lo Tribunal das distintas probas selectivas así como o lugar, data e hora de comezo do primeiro exercicio.

#### T R I B U N A L :

##### *Presidente:*

Titular: D. José Enrique Sotelo Villar, alcalde-presidente do concello.

Suplente: D. Luis Boullosa Nores, concelleiro de Emprego, Promoción económica e Desenvolvemento local

##### *Vocais:*

##### 1º Vocal:

Titular: Pio Millán Blanco, concelleiro de Medio Ambiente e Transportes por delegación do concelleiro de Persoal.

Suplente: Dona Cristina Paz Aller.

##### 2º Vocal:

Titular: . Manuel Lorenzo Lista, arquitecto, en substitución do concelleiro de Urbanismo que presentou a súa renuncia.

Suplente: D. Juan Silva Ruibal, traballador da Xunta de Galicia.

##### 3º Vocal:

Titular: D. Carlos Xesús Berrido Ferreira, arquitecto, en representación do grupo municipal do PP.

Suplente:Dona Maria Pilar Barreiro Lomba, arquitecta.

##### 4º Vocal:

Titular: D. Xosé Manuel Tato Camino, funcionario do Concello de Pontevedra, en representación do grupo municipal do BNG.

Suplente: Oliver Álvarez Barranco, concelleiro do grupo municipal do BNG.

##### 5º Vocal:

Titular: D. Gonzalo Castro Rodas, abogado, en representación do grupo municipal do PSOE

Suplente:D. Agostiño Entenza González, concelleiro do PSOE.

##### 6º Vocal:

Titular: Dona Rocio Taboada Martinez, arquitecto, en representación do grupo municipal da FPG.

Suplente: D. José Chapela González, abogado.

##### 7º Vocal

Titular: D. Fernando Baena Ozores, xerente territorial do catastro do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra, en representación da Comunidade Autónoma.

Suplente: Dona Mercedes Aymnerich Valladares, funcionaria da Consellería de Vivenda e Solo en representación de la Comunidad Autónoma de Galicia.

##### 8 º Vocal:

Titular: D. Carlos Vázquez Marinelli, concelleiro de Facenda.

Suplente: Julia Mallo Parcerro, funcionaria da Deputación.

##### 9º Vocal:

Titular: D. Ramón Talin Mariño, interventor do Concello

Suplente: María Teresa Casal Rivas, traballadora do Concello

##### 10º Vocal:

Titular: D. Pilar Refojos Giráldez, como primeiro representante dos traballadores.

Suplente: D. Maximino Portela Freire, psicólogo do Concello